

PRIMEIRO DE GRAO PROFESIONAL

PARTE I

PROBA DE SAXOFÓN

Tres obras de diferentes estilos, elixidas polo aspirante (unha delas deberá ser interpretada de memoria).

As obras poderán ser escollidas entre as programadas no cuarto curso de grao elemental ou no primeiro de grao medio.

As obras que requiran acompañamento pianístico ou doutro instrumento deberán interpretarse co devandito acompañamento.

O alumno aportará os seus acompañantes.

OBRAS ORIENTATIVAS

SAXOFÓN MI b

TAMBOURÍN

PASTORAL

DANCE

CHANSON ET PASSEPIED OP.16

DIX FIGURES A DANSER

RAMEAU

G. F. HÄENDEL

D. MILHAUD

J. RUEFF

P. MAX DUBOIS

SAXOFÓN SI b

SOLO DE CONCURSO OP.60

ALLEGRO SPIRITOSO

INTRODUCCIÓN & ALLEGRO

4º SOLO DE CONCIERTO

CONCERTINO Nº 26

W. A. DORSSELAER

J. B. SENAILLE

E. REMEHDA

J. B. SINGELÉE

J. PORRET

PARTE II

PROBA DE LINGUAXE MUSICAL

Estas probas abranguerán os contidos comprendidos nos distintos apartados das programacións dos catro cursos de Grao Elemental.

CONTIDOS DA PROBA

- **Ditado rítmico - melódico:** a unha voz en compás regular dunha extensión de 8 a 16 compases, ata dúas alteracións na armadura, podendo aparecer algunha accidental, figuración rítmica ata a semicorchea, grupos de valoración especial regulares. Para a realización do ditado, daráselles aos examinandos, o La do diapasón, a tónica da tonalidade a empregar, o La do diapasón, os acordes tonais, o La do diapasón, a primeira nota do ditado e a velocidade do pulso (nesta orde).
- **Repentización rítmica:** en claves de Sol e Fa en 4^a en compás regular.
- **Entoación:** Repentización dun exercicio en clave de Sol, con acompañamento pianístico que apoie pero que non dobre a melodía.
- **Teoría:** Abranguerá un exercicio escrito de 10 preguntas.

Os exercicios de Teoría e Ditado, realizaranse nunha única sesión e terán a duración máxima de unha hora e media.

Para os exercicios de repentización rítmica e entoación, o examinando disporá de 10 minutos en total para preparar en clausura ámbolos dous exercicios.